**A LA MESA DEL CONGRESO**

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG),** Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la reciente Memoria de 2024 de la Fiscalía General del Estado en relación con los fallos técnicos del Sistema Cometa.**

La Fiscalía General del Estado acaba de publicar el Informe correspondiente al año 2024, un documento en el que alerta sobre sentencias absolutorias por fallos técnicos en las pulseras telemáticas que llevan las mujeres víctimas de violencia de género y sus agresores cuando los tribunales deciden adoptar esta medida de control en base a una orden de alejamiento.

Ahora, cuando el año 2025 está a punto de finalizar, el informe de la Fiscalía advierte de que supuso "una potencial desprotección a las víctimas" y tuvo consecuencias "tanto en la fase de instrucción" en los juzgados de Violencia como "en la fase de juicio, provocando un gran número de sobreseimientos provisionales o absolutorios" previos al 20 de marzo de 2024.

Un error técnico del que el BNG ya advirtió al Gobierno en diversas iniciativas parlamentarias presentadas tanto en el Senado como en el Congreso a lo largo de 2024, y en las que se pusieron de manifiesto los fallos que se estaban produciendo, denunciados tanto por mujeres víctimas como por personal que trabajaba en el Sistema Cometa, especialmente tras el cambio de adjudicación del servicio a otra compañía, de Telefónica a Vodafone y Securitas. Durante algunos meses se registraron errores de diversa índole, principalmente en la geolocalización de los abusadores. Las quejas de las mujeres también se multiplicaron porque las pulseras pitaban constantemente, circunstancia que facilitaba la revictimización y que obligaba, en algunos casos, a apagar la pulsera.

En respuesta a las diversas preguntas registradas por el BNG, el Ministerio de Igualdad indicó en febrero de este año 2025 que:

“El servicio de monitorización y los dispositivos para el control telemático de estas medidas de seguridad se realizan mediante contrato público de prestación del servicio, en los términos establecidos en los protocolos de actuación y en los pliegos correspondientes. Tras su firma el 6 de noviembre de 2023, el contrato vigente, adjudicado a la UTE formada por

las empresas Securitas Seguridad España, S.A y Vodafone España S.A.O, entró en vigor el 8 de febrero de 2024. El Ministerio reconoció que se produjeron algunos meses de ajustes: "desde septiembre de 2024 y luego el periodo de transición de 3 meses y otros 3 meses de adaptación de la nueva UTE al servicio".

El contrato del Ministerio de Igualdad con Telefónica, y su subcontratista Securitas Direct, finalizó en febrero de 2024, abriéndose el concurso público del nuevo contrato, dependiente de la Secretaría de Estado contra la Violencia de Género, en julio del año anterior. Telefónica no presentó oferta y el servicio del centro Cometa fue adjudicado en octubre de 2023 a la UTE formada por Vodafone y Securitas Seguridad por un periodo de 3 años.

El Ministerio respondió al BNG que desde entonces se han implementado medidas de seguimiento telemático, incluso para las víctimas de violencia sexual.

Al mismo tiempo, se reclamaron al Ministerio del Interior mejoras para corregir las deficiencias del Sistema VioGén, después de que se produjeran varios asesinatos machistas de mujeres incluidas en dicho sistema, en casos en los que sus maltratadores incumplieron la orden de alejamiento sin levantar ninguna alarma. El Ministerio del Interior confió la solución a la implantación de VioGén 2, que el Ministro de Interior y la Ministra de Igualdad presentaron el 15 de enero. Sin embargo, durante el pasado verano se cometieron nuevos asesinatos de mujeres incluidas en el sistema, lo que demuestra que sigue siendo urgente reforzar las medidas de prevención, vigilancia y detección, y en concreto en referencia a VioGén 2, incorporar informes forenses urgentes complementarios a los informes policiales.

En conclusión, es necesario incrementar las medidas para aumentar la protección de las mujeres, especialmente en el ámbito de la prevención.

**Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:**

1. ¿Cuál es la postura del Ministerio de Igualdad tras conocer el contenido del Informe de la Fiscalía referido al año 2024, en el que alerta sobre sentencias absolutorias por fallos técnicos en las pulseras telemáticas que llevan las mujeres víctimas de violencia de género y sus agresores cuando se dicta una orden de alejamiento?
2. Según la Fiscalía, este hecho tuvo consecuencias tanto en la fase de instrucción en los

Juzgados de Violencia como «en la fase de enjuiciamiento, provocando un gran número de sobreseimientos provisionales o absolutorios». ¿Ha analizado el Ministerio los efectos de los fallos producidos en el Sistema Cometa durante los meses posteriores al cambio en la adjudicación del servicio?

3. En caso afirmativo, ¿qué medidas de refuerzo o complementarias se han establecido para evitar que las mujeres queden desprotegidas con los dispositivos de control telemático? ¿Cuándo fueron?
4. ¿Se han constatado situaciones de alto riesgo por fallos en los dispositivos de seguimiento durante estos periodos de transición de una empresa a otra?
5. ¿Se requirió a las empresas responsables, tanto las salientes como las entrantes, resolvieran urgentemente los problemas?
6. ¿Está funcionando óptimamente el Sistema Cometa? ¿El Ministerio está supervisando su funcionamiento?

Madrid, a 24 de septiembre de 2025

Néstor Rego Candamil

**Diputado del BNG en el Congreso**

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL
24 SEP. 2025 14:25:56
Entrada 82114

# Sobre o informe da Fiscalía do ano 2024 en relación aos fallos do sistema Cometa

| | |
|---|---|
| Competencia | Otros Expedientes |
| Tipo Expediente | 300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1) |

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado

C.DIP 82180 25/09/2025 10:49

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

**Á MESA DO CONGRESO**

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG),** Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á recente Memoria de 2024 da Fiscalía Xeral do Estado en relación aos fallos técnicos do Sistema Cometa**.

A Fiscalía Xeral do Estado vén de publicas a Memoria correspondente ao ano 2024, documento en que alerta sobre absolucións por fallos técnicos nas pulseiras telemáticas que levan as mulleres vítimas de violencia machista e os seus agresores cando se decide xudicialmente adoptar esta medida de control en base a unha orde de afastamento.

Agora, cando está xa a punto de finalizar o ano 2025, o informe da Fiscalía alerta de que supuxo “unha potencial desprotección das vítimas” e tivo consecuencias “tanto na fase de instrución” nos xulgados de Violencia como “na fase de axuizamento, provocando unha grande cantidade de sobresementos provisionais ou fallos absolutorios” antes de 20 de marzo de 2024.

Un erro técnico do que o BNG advertiu xa ao Goberno en diversas iniciativas parlamentarias presentadas tanto no Senado como no Congreso ao longo de 2024, e en que se puxo de manifesto os fallos que se estaban producindo, reportados tanto por mulleres vítimas, como por persoal que traballa no Sistema Cometa, especialmente despois do cambio de adxudicación do servizo a outra empresa, pasando de Telefónica a Vodafone e Securitas. Durante uns meses rexistráronse erros de diversa consideración, principalmente na xeolocalización

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL
24 SEP. 2025 14:25:56
Entrada 82114

dos maltratadores. Tamén se multiplicaron as queixas de mulleres porque as pulseiras pitaban constantemente, circunstancia que facilitaba a revictimización e que obrigaba, nalgúns casos, a apagar a pulseira.

En resposta ás diversas preguntas rexistradas polo BNG, o Ministerio de Igualdade indicou en febreiro deste ano 2025 que:

"O servizo de seguimento e dispositivos para o control telemático destas medidas de seguridade realízase a través dun contrato público para a prestación do servizo, nos termos estabelecidos nos protocolos de actuación e nos pregos correspondentes. Tras a súa sinatura a 6 de novembro de 2023, o contrato en vigor, adxudicado á UTE formada polas empresas Securitas Seguridade España, S.A e Vodafone España S.A.O, entrou en funcionamento a 8 de febreiro de 2024". Recoñecía o Ministerio que se produciron uns meses de axustes: desde "setembro de 2024 e, despois o período de 3 meses de transición e outros 3 meses de axuste da nova UTE ao servizo".

O contrato do Ministerio de Igualdade con Telefónica, e a súa subcontrata Securitas Direct, acababa en febreiro de 2024, abríndose en xullo do ano anterior o concurso público para o novo contrato, que parte da Secretaría de Estado contra a Violencia de Xénero. Telefónica non se presentou ao concurso e o servizo do centro Cometa adxudicouse en outubro de 2023 á UTE entre Vodafone e Securitas Seguridade para un período de 3 anos.

O Ministerio respondeu ao BNG que desde entón se implementaron as medidas de seguimento telemático, incluíndo a vítimas de violencia sexual.

Ao mesmo tempo, reclamábase do Ministerio do Interior melloras para corrixir as deficiencias do Sistema Viogén, despois de producírense varios asasinatos machistas de mulleres incluídas no devandito sistema, incumprindo os seus maltratadores a orde de afastamento sen que saltase ningunha alarma. Desde Interior confiouse a solución á posta en marcha do Viogén 2 que foi presentado a 15 de xaneiro polo Ministro do Interior e a Ministra de Igualdade. Porén, durante o pasado verán cometéronse novos asasinatos de mulleres incluídas no sistema, polo que se proba que segue a ser urxente o reforzo das medidas de

prevención, vixilancia e detección, e especificamente no referido ao VioGén 2, incorporar os informes forenses de carácter urxente complementarios aos policiais.

En conclusión, é preciso incrementar as medidas para aumentar a protección das mulleres, especialmente no ámbito da prevención.

**Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:**

1. Cal é a posición do Ministerio de Igualdade despois de coñecer o contido da Memoria da Fiscalía referida ao ano 2024, na que alerta sobre absolucións por fallos técnicos nas pulseiras telemáticas que portan mulleres vítimas de violencia machista e os seus agresores cando se dita orde de afastamento?

2. Segundo a Fiscalía, este feito tivo consecuencias "tanto na fase de instrución" nos xulgados de Violencia como "na fase de axuizamento, provocando unha grande cantidade de sobresementos provisionais ou fallos absolutorios", Analizou o Ministerio os efectos dos fallos producidos no Sistema Cometa durante meses despois do cambio na adxudicación do servizo?

3. De ser así, Que medidas de reforzo ou complementarias estableceu para evitar a desprotección das mulleres cos dispositivos de control telemáticos? Cando foron

4. Constatou situacións de elevado risco polos fallos dos dispositivos de seguimento neses períodos de transición dunha empresa a outra?

5. Requiriu ás empresas responsables, a saínte e a entrante, a resolución urxente dos problemas?

C.DIP 82180 25/09/2025 10:49

6. Está a funcionar de forma óptima o Sistema Cometa? Está o Ministerio fiscalizando o seu funcionamento?

Madrid, a 24 de setembro de 2025

Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**

24 SEP. 2025 14:25:56 Entrada: 82114